



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dirección estratéxica

Materia	Dirección estratéxica			
Código	004G020V01503			
Titulación	Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	#EnglishFriendly Castelán Inglés			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Rodríguez-Toubes Muñiz, Diego			
Profesorado	Carlos Villamarín, Pablo de Rodríguez-Toubes Muñiz, Diego			
Correo-e	drtoubes@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>O obxectivo fundamental da Dirección Estratéxica é a descrición do proceso estratéxico nas empresas, tanto de análise como de deseño e implantación estratéxica. Capacítase ao alumno para identificar e analizar os factores relevantes con vistas ao establecemento de estratexias en empresas e institucións que lles permitan ser competitivos no mercado. O alumno deberá ser capaz de deseñar un plan estratéxico adecuado para responder aos retos da contorna e cumprir os obxectivos da empresa.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ó profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

## Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacidade de análise e síntese
CG2	Pensamento crítico e autocrítico
CG3	Habilidades relacionadas co uso de aplicacións informáticas utilizadas na xestión empresarial
CG5	Habilidades de comunicación oral e escrita
CG8	Comunicarse con fluidez no seu entorno, incluíndo competencias interpersoais de escoita activa, negociación, persuasión e presentación
CG9	Capacidade de actuación eficaz dentro dun equipo de traballo
CG10	Emitir informes de asesoramento sobre situacións concretas de empresas e mercados
CG11	Redactar proxectos de xestión global ou de áreas funcionais da empresa
CG13	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
CE1	Posuír e comprender coñecementos sobre as interrelacións existentes entre os distintos subsistemas que conforman o sistema empresarial
CE3	Posuír e comprender coñecementos sobre os aspectos internos, funcións e procesos das organizacións incluíndo a súa natureza, estrutura, goberno, operativa e dirección.

CE4	Posuír e comprender coñecementos sobre o marco económico que regula as actividades empresariais, e a correspondente normativa
CE5	Posuír e comprender coñecementos sobre a relación entre a empresa e o seu entorno avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sustentabilidade empresarial
CE11	Tomar decisións estratéxicas utilizando diferentes tipos de modelos empresariais
CE12	Solucionar de maneira eficaz problemas e tomar decisións utilizando métodos cuantitativos e cualitativos apropiados, incluíndo entre eles a identificación, formulación e solución dos problemas empresariais
CE13	Mobilidade e adaptabilidade a entornos e situacións diferentes
CT1	Xestión persoal efectiva en termos de tempo, planificación e comportamento, motivación e iniciativa tanto individual como empresarial
CT2	Capacidade de lideranza, incluíndo empatía co resto de persoas
CT3	Responsabilidade e capacidade para asumir compromisos
CT4	Compromiso ético no traballo
CT5	Motivación pola calidade e mellora continua

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Formular as estratexias competitivas máis adecuadas para responder ós retos do entorno no ámbito dunha empresa e tendo en conta a Responsabilidade social corporativa	CB1 CB2 CB3 CB5 CG8	CG1 CG2 CG3 CG5 CG8	CE1 CE3 CE4 CE11 CE13	CT1 CT2 CT4 CT5
Integrar os diferentes enfoques da teoría e as distintas visións persoais dun equipo de traballo na realización dun proxecto común	CB1	CG1 CG2 CG3 CG5 CG8 CG9 CG13	CE1 CE3 CE4 CE5 CE13	CT1 CT2 CT3
Os estudantes serán capaces de diseñar nun equipo de traballo a estratexia competitiva e corporativa dunha empresa concreta		CG5 CG8 CG9 CG10 CG11	CE1 CE11 CE12	CT1 CT5

### Contidos

Tema	
1. Fundamentos de Dirección estratéxica	Conceptos básicos A creación de valor Misión e obxectivos empresariais Responsabilidade social corporativa
2. A contorna xeral da empresa	Análise da contorna xeral Técnicas de análises da contorna xeral
3. Contorna específica da empresa	A contorna competitivo Modelo das 5 forzas Grupos estratéxicos
4. Análise interna da empresa	Técnicas para o diagnóstico Análise de recursos e capacidades
5. Estratexias e vantaxes competitivas	Vantaxes competitivas genéricas Creación e mantemento da vantaxe competitiva
6. Estratexias corporativas: Direccións e métodos de desenvolvemento	Estratexias de expansión Estratexias de diversificación
7. A implementación da estratexia	Avaliación e control Cultura organizativa

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	19.5	27.3	46.8
Aprendizaxe baseado en proxectos	9	27	36
Flipped Learning	18	25.2	43.2
Exame de preguntas obxectivas	2	8	10
Estudo de casos	1	3	4
Traballo	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Estudo de casos	Presentación de casos reais para a súa análise e discusión en clase. A asistencia a clases será necesaria para a avaliación continua.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Presentacións públicas dos traballos realizados e casos analizados. O alumno será avaliado de competencias como a súa capacidade de análise e síntese, de comunicación oral ou de argumentación e xustificación das decisións tomadas. A asistencia a clases será necesaria para a avaliación continua.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula, e coa presenza do docente se facilitará e potenciará outros procesos de adquisición e practica de coñecementos

### **Atención personalizada**

<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Estudo de casos	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas dos alumnos durante a realización das actividades propostas. As titorías poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, Despacho virtual, videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas dos alumnos durante a realización das actividades propostas. As titorías poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, Despacho virtual, videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Flipped Learning	Tempo reservado para orientar, supervisar, atender e resolver dúbidas dos alumnos durante a realización das actividades propostas. As titorías poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, Despacho virtual, videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.

### **Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	40	CG1 CG5 CG13	CE1 CE3 CE5 CE12	CT1
Estudo de casos	O alumno/a debe analizar casos reais coa finalidade de coñecerlos, interpretalos, resolvelos, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticar e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	40	CG1 CG2 CG9 CG10	CE11 CE12 CE13	
Traballo	Proxecto elaborado sobre un tema e debe redactarse seguindo unhas normas establecidas.	20	CG1 CG2 CG5 CG8 CG9 CG10 CG11	CE11 CE12 CE13	CT2 CT3 CT4 CT5

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A avaliación será continua o longo do semestre. Para superar a materia o alumnado deberá alcanzar como mínimo un 3,5 en cada parte avaliada. Se non se aproba a materia por non alcanzar o mínimo nalgunha proba ou parte, e a puntuación total é igual ou superior a 4,5 (sobre 10), a cualificación en actas será 4,5 (sobre 10).

Na parte de Estudo de casos (40% da nota da materia) se irá cualificando ao longo do curso os traballos e proxectos entregados en prazo a través da plataforma Moovi. No Traballo (20% da nota) se cualificará o traballo desenvolvido ao longo do curso e a entrega final coa presentación. O exame de preguntas obxectivas (40%) de ser necesario farase de forma virtual e poderá ser oral ou escrito. Poderá valorarse adicionalmente calquera contribución realizada polo alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas virtuais.

A nota obtida polo alumnado nas probas de avaliación continua terá vixencia para as convocatorias ás que dá dereito a matrícula de cada curso académico.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que supoñerá o 100% da cualificación. Para superar a materia, o alumnado non suxeito a avaliación continua non poderá ter menos dun 3,5 sobre 10 en cada unha das partes da proba (teórica e práctica) na convocatoria dos exames oficiais. A parte teórica consistirá nun exame de preguntas obxectivas e a parte práctica na resolución de casos e preguntas prácticas.

Mediante este exame, que de ser necesario farase de forma virtual, se avaliarán todas as competencias da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as aprobadas pola Xunta de Centro para o presente curso académico. En caso de conflito entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

As especificación detalladas desta guía docente publicaranse na plataforma virtual da materia en Moovi.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Navas López, J.E. y Guerras Martín, L.A, **La dirección estratégica en la empresa. Teoría y aplicaciones**, 5ª, Civitas, 2015

Johnson, G.; Whittington, R. et. al., **Exploring Strategy: Text and Cases**, 11th, Pearson Education, 2017

### **Bibliografía Complementaria**

Navas López, J.E. y Guerras Martín, L.A, **Fundamentals of Strategic management**, 1st, Civitas, 2013

Johnson, G., Scholes, K. y Whittington, R., **Fundamentos de Estrategia**, 1ª, Pearson Educación, 2010

Grant, Robert, **Dirección Estratégica. Conceptos, técnicas y aplicaciones**, 1ª, Civitas-Thomson Reuters, 2014

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Dirección estratéxica internacional/O04G020V01603

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Empresa: Fundamentos de administración/O04G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/O04G020V01203

Dirección comercial I/O04G020V01403

Dirección de operacións/O04G020V01302

Dirección de recursos humanos/O04G020V01303

---

## **Outros comentarios**

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir.

Así mesmo, achegarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. A comunicación realizarase a través de Moovi.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

En caso de impartición da docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante o Campus Remoto e o uso da plataforma de teledocencia Moovi, sen prexuízo doutras medidas que poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado ao contido docente.

En caso de modalidade non presencial, continuaranse entregando os traballos e proxectos, tanto no Estudo de casos (clases de laboratorio correspondentes ao GM) como no Traballo (clases correspondente ao GP). A avaliación realizarase coa entrega en prazo de devanditos traballos e proxectos. Tamén no caso de docencia no presencial o exame de preguntas obxectivas farase de virtual, e poderá desenvolverse de xeito oral ou escrito. O coordinador dará as pautas necesarias.

### **Atención personalizada**

As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, Despacho virtual, videoconferencia, etc.) baixo a modalidade de concertación previa.

Recoméndase asistir ás sesións de clases virtuais que programen os profesores da materia e consultar en titorías as dúbidas que xurdan, para o que hai que contactar polo correo electrónico con o profesor correspondente. Tamén é moi aconsellable que os alumnos que teñan problemas de conectividade comuníquenlo ao coordinador da materia.